

# O inquedante relato sonoro de Camarada Nimoy regresa a Vigo

La Fábrica de Chocolate acollerá mañá, ás 22.00 horas, o concerto do grupo revelación de 2012

FRAN P. LORENZO  
Santiago

A música de Camarada Nimoy é un reto para os críticos musicais e un desafío para os expendedores de etiquetas. Todo o que se poida dicir sobre o seu estilo musical –surf terror, música electrónica, jazz, swing, ambient...– é certo e apropiado. Pero o que converte este grupo vigués nunha proposta singular no panorama galego de hoxe é, precisamente, o regusto final dese cóctel de influencias e o coidado co que se foron ensamblando todos e cada un deses legados musicais, nun artefacto instrumental debedor, en gran medida, das bandas sonoras cinematográficas e da lounge-music.

Camarada Nimoy, que toma o seu nome de Leonard Nimoy –maiormente coñecido polo seu papel



Nimoy e a Panificadora de Vigo, ao fondo Foto: Camarada Nimoy

de Dr. Spock na saga *Star Trek*. – é ademais un campo aberto para a experimentación, e nese lugar aberto é onde collen importancia as proxeccións audiovisuais que acompañan o seu inquedante relato sonoro. Camarada Nimoy non é o mesmo sen esa coidada posta en escena nin a busca da experiencia global, cifrada en imaxes expresionistas, pródigas en engranaxes, presenzas sombrizas e arquitecturas móbiles.

Grupo revelación de 2012, agarimado pola crítica española –en *El Sótano* de Radio 3 faláronse deles coma “un dos artefactos instrumentais máis interesantes” que pasaran en 2012 polo programa– Camarada Nimoy está formado por Pablo Muñiz ao baixo, Gontxu Muñiz á guitarra, Diego de Luis á batería e Paulo Pascual, á guitarra e ao theremin.

Mañá venres, a partir das 22 horas, volven a casa, ao clube vigués La Fábrica de Chocolate (Rogelio Abalde, 22). Contarán coa colaboración de Kino Transilvanians á batería e Jesús Tejada ás proxeccións. É un dos primeiros chanzos da súa actividade en 2013, ano que principia cunha minixira portuguesa –os días 7, 8 e 9 de febreiro en Vilareal, Guarda e Viana do Castelo, respectivamente– e a gravación do que será o seu primeiro e agardado traballo discográfico.

[fperez@elcorreogallego.es](mailto:fperez@elcorreogallego.es)


## Luis Mateo Díez: “Con la crisis, parece que la lectura conlleva esfuerzo”

El escritor ganó ayer el premio Francisco Umbral por ‘La cabeza en llamas’

**Madrid.** Luis Mateo Díez recibió ayer el premio Francisco Umbral por *La cabeza en llamas* como “una buena noticia” en “una vida en la que hay bastantes malas noticias con reincidencia” y como una gran ayuda en tiempos en los que “con la crisis, parece que la lectura conlleva un mayor esfuerzo”. “Lo recibo con sorpresa. Cuando te comunican un premio siempre te sorprende gratamente y con alegría, me complace mucho por que es un premio importante, que avala un libro tuyo que dicen que es el mejor del año”, afirmó el literato.

Ganador de premios como el Nacional de Narrativa y el de la Crítica, primero por *La fuente de la edad* y luego por *La ruina del cielo*, Luis Mateo Díez (Villablino, León, 1942), hizo hincapié en la apreciación de la presidenta del jurado, Carmen Iglesias, que reconoció su libro como “cuatro historias impresionantes que merece la pena leer”.

Ese “merecer la pena” le parece “un merecimien-



Luis Mateo Díez. Foto: Efe

to estupendo”, puesto que “está complicado en la vida que llevamos. Da la impresión de que este lío de la crisis también afecta a la lectura, a los propios libros y a su difusión. Como las cosas están tan apretadas, parece que la lectura conlleva mayor esfuerzo y que hay que encaminarla”, aseguró.

Luis Mateo Díez se reconoce como un escritor “muy cervantino” y en “La cabeza en llamas” recopila cuatro novelas muy distintas. “La verdad es que es el típico libro al que llega cuando un escritor ya ha decantado su estilo, sus intereses, su mirada del mundo, sus personajes”, señala el escritor. EFE

## SORTEO DUNHA FIN DE SEMANA PARA DÚAS PERSOAS NO GRAN HOTEL LA TOJA

**MK** MilladoiroVirtual  
tu web local  
[www.MilladoiroVirtual.com](http://www.MilladoiroVirtual.com)

**BK** BertamiránsVirtual  
tu web local  
[www.BertamiransVirtual.com](http://www.BertamiransVirtual.com)

Convidante a participar no sorteo dunha **FIN DE SEMANA TODO INCLUÍDO** para dúas persoas no **GRAN HOTEL LA TOJA** (O Grove, Pontevedra) os días 11 e 12 de maio de 2013 Valor do sorteo 1.500 €.

Máis información nas nosas páxinas web

Tamén atoparás un plano virtual de Milladoiro e Bertamiráns coa ubicación dos establecementos clasificados por categorías, para que os localices con rapidez e comodidade.

>> **NOVA SECCIÓN DE ECONOMÍA**

Para ti que queres estar informado da actualidade económica



**Gran Hotel La Toja**



**PARA PARTICIPAR, VISÍTANOS**

[www.BertamiransVirtual.com](http://www.BertamiransVirtual.com)

[www.MilladoiroVirtual.com](http://www.MilladoiroVirtual.com)